

Quero...

Quero saír á rúa,
quero xogar cos amigos,
quero ir ao colexio
e, por suposto, facer o camiño.

Quero as estrelas,
quero o mar,
quero mil cousas,
quen mas vai dar?

Carmela Naveiro – 6º B

Quero...

Quero que todo isto acabe,
quero que todo isto termine.

Quero que todos esteamos fóra deste pesadelo
xuntos e sen ningunha queixiña.

Seguro sairemos adiante
por moitas facturas que se levanten.

Eu confío en todos,
e convertirase nun recordo.

E ti, quedas na casa?

Lara Pereiro- 6º B

"QUERO..."

Quero que pase este encerro
para poder saír deste inferno.

Quero poder saír
para poder vivir.

Quero pasear o meu can
pola beiramar.

Quero estar coas miñas amigas
e así desfrutar delas.

Quero xogar coas veciñas
para así divertirme ás escondidas.

Nerea Vaamonde -6º B

QUERO....

Quero ver ese sorriso
que vexo polas mañás.
Quero ver como non decaes
a pesar do que acontece.
Quero verche esa alegría
como cando imos pasear.
Quero que sintas
que todo isto ha pasar.

Sara Souto – 6º B

Quero...

Quero que haxa felicidade,
e que isto xa acabe.

Quero abrazar e dar a man
sen tantas medidas tomar.

Quero rir e non chorar,
por aqueles que xa non están.

Quero volver á normalidade,
e coa miña familia desfrutar.

Quero saír á rúa bailar,
e cos meus amigos cantar.



Quero...

Quero que se acabe esta enfermidade para terminar con esta soidade.

Quero que volva todo á normalidade e estar coas miñas amizades.

Quero que se acabe esta angustia que vivimos cada día.

Quero que todo o mundo sexa feliz coma unha perdiz.



Damián Santos – 6º B

QUERO...

Quero que todo sexa un mal soño.
Quero volver saír á rúa.

Quero sentir o vento no meu cabelo.
Quero ver aos nenos xogar no parque.

Quero xogar, bailar, pasear...cos meus amigos.
Quero visitar ós meus avós cada día.

Quero mirar a lúa e pensar que isto rematou.
Quero recuperar a vida que o virus me quitou.

Rocío Varela – 6ºB

"Quero..."

Quero que o coronavirus rápido pase,
para poder volver á miña clase.

Que isto pase rápido quero
porque por volver a Arzúa eu me desespero.

Quero volver ao meu colexio
porque para min iso é un privilexio.

Quero volver ver a Marita
porque é a que nos exercita.

Quero que me explique a tarefa de inglés Tareixa,
pois na casa vólveseme complexa.

Quero volver ver a Remi para poder abrazarnos,
pero non sei se estará contenta,
pois este domingo, a igrexa non fomos bendicir os ramos.

Quero que isto rápido pase,
para poder viaxar, a pobos, vilas e cidades
e nelas poder brincar.

Raúl Veleiro - 6º B

QUERO...

Quero que isto se acabe.
Quero poder saír á calle.

Quero tamén poder ir mercar.
Quero cos amigos poder xogar.
Que ata do Fortnite me empezo a cansar.



Quero que por aquí se poida pasear
eu e o meu can para poder desfrutar.



Quero que aquí se poida xogar
eu e meus amigos poder desfrutar.

Quero que a cuarentena remate xa
para pasear sen te preocupar.

Tristán Sanmartín- 6º B

QUERO...

Quero que remate a cuarentena para facer unha chilena.
Quero que remate a cuarentena para estudar outro tema.

Quero que remate a cuarentena para chegar aos cuarenta.
Quero que remate a cuarentena para subir a azotea.

Quero que remate a cuarentena para ir ver o cinema.
Quero que remate a cuarentena para ir á praia e xogar coa area.

María Pose- 6º B

Quero...

**QUERO QUE ISTO PASE,
PARA IR XOGAR AO PARQUE.**

**QUERO SENTARME AO SOL,
E PENSAR QUE ISTO REMATOU.**

**QUERO PODER SAÍR Á RÚA,
SEN QUE NINGÚN MEDO ME ATURDA.**

**QUERO VER PRONTO AOS MEUS AMIGOS,
PORQUE XUNTOS VENCEREMOS AO VIRUS.**



ADRIÁN SEOANE SEOANE 6ºB

QUERO...

Quero saír libre á calle,
para poder brincar no valle.

Quero que saiamos disto,
para volver ao visto.

Quero coñecer culturas,
e vivir aventuras .

Quero viaxar lexos,
e cumprir desexos.

Geo Stoian- 6º B